

Algunhas imaxinaci3n sober tesouros

Discurso lido o d3a 21 de abril
de 1963 no acto da s3a recepci3n,
polo ilustr3simo se3n don

3lvaro Cunqueiro Mora

e resposta do excelent3simo se3n don

Francisco Fern3ndez del Riego



REAL ACADEMIA GALEGA



Algúnhas imaxinaci3s sober tesouros

O solemne acto académico
no que foron lidos os dous
discursos recolleitos no
presente volume celebrouse
o 21 de abril de 1963
no Salón de Actos do
Seminario Conciliar de Mondoñedo.

Edita
Real Academia Galega

© Real Academia Galega, 2015

Deseño da colección
Grupo Revisión Deseño

Algunhas imaxinaci3s sober tesouros



REAL ACADEMIA GALEGA

A Coruña 2015

Discurso do ilustrísimo señor don
Álvaro Cunqueiro Mora



Señores académicos:

Teñen que ser as miñas primeiras verbas de agradecimento á Real Academia Galega por terme chamado a ocupar nela un escano. Penso que todo o máis que se puido ver en min foi unha apaixonada vocación literaria i un profundo amor ó país natal i á súa fala. Non sei non en qué medida poderéi colaborar nas tarefas de tan ilustre corporación, pro quero decir agora mesmo o meu orgullo por pertencer a ela, que é, sin dúbida, a máis comprida das fogueiras que na nosa terra non deixan ó lume morrer.

Veño, a máis, a sentarme entre vós no canto de Ramón Cabanillas de Cambados, o grande e sagro cantor, a voz que os galegos tivemos perante moitos anos, o dono e señor do entusiasmo e da profecía, bardo, en fin, niste lonxano e verde fogar. Decátome ben da miña probeza e do que se perdéu. Il foi un grande poeta. Cantóu o país seu na lingua propia, perpetuamente fresca como herba de braña. Cantóu os santos, os heroes, os amadores, os mariñeiros, os labregos, os mendiños, as rosas, os viños, os piñeiros, o mar, e tamén a esperanza humá i os seus sonhos. Era un poeta dunha calidade máis anterga do que agora se leva. Foi o derradeiro entre os grandes poetas galegos en usar, pra decir a poesía, voces casi sacramentaes, modos solenes e vaticinios. Díxolle ó seu pobo fermosos cantos, unhas veces irados, outras entusiasmados, e tamén íntimas confesiós de corazón a corazón, e sempre pasmando a todos coa beleza descuberta no ásio, na roseira, no vento, no pinar de Tragobe fungador, ou no silencio, coma un sono de pombas, do seu Cambados. Servíu fidelmente, e coma verdadeiro home e verdadeiro poeta, ademirándose il mesmo, homildosamente, de que fose un vaso tan cheo de canto e de revelación.

Un grande sabio do noso tempo, o Pai Teilhard de Chardin, diz que cando no Xénesis lémos que Deus fixo o home da lama terrea, de terra, que hai que entender que o fixo da terra toda que houbo deica ó home: os bosques, os paxaros, as follas secas, as bestas, os grans que podreceron, os ventos que foron, a neve,


os luares, as longas seráns de sol... Cando na terra nosa nace o poeta Ramón Cabanillas, hai que entender que xurde de tódolos séculos nosos, das sementeirras i as colleitas, das choivas e dos veráns, dos mortos e das cantigas, do pan e do lume, do viño e das dornas, das oracións nos labres e das rosas, das esmolos e dos ensoños, das máis briladoras luces do espírito e das verbas do probe que pide por Deus a boróa nosa de cada día. Todo o que foi de nós, todo o que é de nós, todo o que será de nós, fíxose home na pequena terra que nos foi dada ós galegos. Enchéuse iste home, Ramón Cabanillas, de luz e cantóu. A poesía é a meirande das certezaas, i é por iso que pode alentiar nela toda a esperanza futura, todo o porvir dun pobo. Home libre, Cabanillas dixo as certezaas galegas, as pasadas, as presentes, as futuras. Puxo a sede das bocas galegas no viño preciso. Puxo a fame das almas galegas no terrón xusto. Dixo por toda a nación sí e non, como Cristo non ensiña. Envellecéu a carón da fogueira por il acesa, e finóuse pra que todos chorásemos unha dura, triste soedá.

Pro no fardelo da poesía galega fican pra sempre os versos seus, gaitas eternamente novas, que endexamáis cobrirá o pó. Non é de min o facer historia e crítica literaria, senón porme a escoitar nos ventos que pasan, nos ventos da terra e no vento mareiro, as verbas que Ramón Cabanillas encantóu, poeta con Galicia ó fondo. Chamáronlle Poeta da Raza porque a poesía de Cabanillas é unha das verdadeiras riquezaas nosas, unha das luces briladoras da estrela que a xente galega leva na fronte na hora do mencer.

* * *

Galicia é un país de tesouros, escusados nos castros, asolagados nas lagoas, enterrados aquí ou acolá, e cáseque sempre ben gardados por mouros, enanos, xigantes, fadas, cobras... Son os que se chaman encantos. Eu fun mui tentado, dende rapacete, a inquirir sober tesouros, que no meu val natío hai varios, e por outra parte aquela é terra de achédegos de ouro, como na Recadieira, e teño ouvido moita novidá, i aínda fun unha vegada á coroa do Castro de Riotorto a ver si saía tocando o corno un mouro vestido de amarelo, que din que garda alí dous bois de ouro, que serán pra quen seipa as verbas que os fagan botar a andar. Son nove i en verso. Xa de mozo e de home lín todo o que puiden, dende os textos ciprianillos hastra Risco, dende Mansikka cos tesouros dos eslavos hastra Louis Ginzberg cos dos xudeus, i a Peake i a Fleure, e Róheim, entre outros. Pro eu quixera niste discurso esquencirme de todas erudición, que sempre como miña sería probe, e decir sinxelamente cómo se foi faguendo no meu maxín, sumando ás noticias galegas as recibidas de tan diversa parte, a idea do tesouro, i o retrato dos que o gardan, dos que o atopan e dos que, fiñalmente, se fan con il. A miña intención derradeira sería responderme que é o que pensa e fai un galego posto diante dun tesouro, xa desconfiado, xa maravillado, ousando ou temendo, créndo ou descréndo, e pra isto, dado o meu xeito, ren millor que fabular diversas historias, nas que a xente de nós toma tratos con tesouros.

A miña idea primeira é que un tesouro é coma unha persoa viva, coa súa memoria i a súa vontade. Eu non sei si é certo o que lín en lady Gregory de que houbo un tempo en que tódolos tesouros do mundo eran dun soio home e que ístes, cansos dil, fuxiron i escondéronse nuns lados i en outros, e pra non ser atopados pagáronlles ós magos do país pra que os encantesen. O fío da vida do tesouro pende de que se desfaga iste encanto ou non. Si se desfái, o tesouro deixa de sélo e convírtese en ouro propio, i o que o desfíxo pódeo levar prá casa. Téñense dado casos de tesouros que pasaron de ouro a cinza, é decir, que desveado o segredo que os defendía, morreron. Os tesouros danse entre iles nomes, i ás vegadas abonda con saber o nome do tesouro pra que íste se



libre a quen o dice. Tamén sí o tesouro pode consistir nunha verba, poño por caso no nome segredo dun reino ou dunha cidade, i entón o que sabe ise nome faise dono daquel reinado ou daquela vila. Francia, Roma, Toledo, París, teñen nomes segredos, que foron mui buscados.

Hai tesouros que tódolos anos teñen que xantar e beber algo. Eu teño ouvido dun tesouro no Valedouro que estaba gardado por un enano que gastaba pucha colorada, i o enano tiña que manter ó tesouro con sangue de ovella, aínda que noutro tempo o mantiña con sangue de home, co cal estaba sempre relucinte. Os do país cansáronse de darlle ovellas ó enano, que non llas quería pagar, i un de Budián que sabía lér i escribir puxo nun papel selado que se negaban a aquela renda, i o enano ó lélo tívose que conformar porque a negativa iba por escrito e levaba unha firma. O enano marchou do país co tesouro, pro esquecéuselle unha tixela de ouro, que a repartiron en tres os veciños. P.W. Joyce conta dun tesouro de Irlanda que adoecéu coa fame que pasaba, i entón saíu ós camiños a pedir esmola de pan e vianda, que non quería cartos; andaba en veste de soldado coxo, e nunha boda bebéu tanto que se descubréu, decindo que era un tesouro e que tiña os ósos de ouro. Matárono cortándolle a cabeza, e debaixo da pel do corpo era todo moeda inglesa misturada cunha terra branca, i un sabio que estaba alí dixo que si o deixaran a il que o prendería i o cebaría, e que despoixas cando o matese que sería todo ouro por dedentro. Os da Casa Grande de Irdade atoparon un tesouro, e por iso son tan ricos, poñendo xarras de viños no monte, póla noitiña. O día seguinte iban a ver e sempre estaban cheas, hastra que un día atoparon unha valeira. Cavaron alí e deron cunha cova na que había unha vella tecendo. O tear era de ouro. A vella dixo que ela non bebera o viño, que fora o tear. Os da Casa Grande dixéronlle á vella que o viño había que pagálo, e fixéronlle sete contas, de xeito que a vella non tivo outra saída que pagar co tear. A vella falaba castelán i as súas contas non lle saían porque as botaba pólos dedos e na man dreita faltáballe un e non se decataba. Esta historia contábaa o menciñeiro Pardo das Pontes.


Os tesouros están sempre escondidos, o que non quita que se boten pólo mundo adiante, ás vegadas por axuntárense uns cantos e faguer cortes. Entón preside o tesouro máis antigo, que é un que está formado por coroas de ouro. Si un atopa un tesouro no camiño, pode cegar co brillo. Os Grimm falaron cunha vella que coñecera a un home que cegara porque se puxo a mirar como se metía nunha lagoa un tesouro, que era unha rede chea de grandes pedras de ouro, pro tiña pés e pernas de home. Diterico de Berna tiña un tesouro que somentes il podía ollar, que os demáis cegaban coa luz que botaba. Cando Diterico

cambiaba o tesouro de lugar, ou quería recontálo, avisaba que tódolos do seu reino se tapesen os ollos. Diterico chamaba ó tesouro, i éste viña como un can, e deitábase ós seus pés.

O máis do tempo os tesouros pásano durmindo, confiados na garda que teñen e no encanto. Que os tesouros cando durmen roncan, séino por unha historia dun de Chacín, na terra de Miranda, quen se fixo amigo dun mouro que gardaba un tesouro nun castro, e cando chovía o mouro sacaba paraugas. O mouro, que era pequenecho e vestía de colorado, baixaba ó prado i axudaba a segar na herba i a subíla ás angarellas do burro. Rematóu confesándolle ó de Chacín que era gardador dun grande tesouro que estaba nunha cova, no castro, e que andaba algo libre porque o tesouro pasaba sete anos durmindo. O de Chacín pidíulle ó mouro que lle deixase ollar o tesouro, i o gardador, mui rogado, consentíu. Eran sete fogazas de ouro, unhas derriba de outras, i a do cumio tiña boca, por onde alentaba e roncaba. Arredor do tesouro había ósos humanos. Os ronquidos do tesouro eran fortes e seguidos. O de Chacín asustouse, pro o mouro díxolle que non tivese medo, que ó tesouro somentes o espertaban sete palabras. I o propio mouro xa se tiña esquencido delas. Pro íste é outro ponto.

Os tesouros están separados entre sí por nove leguas, i os arábigos aseguran que onde hai un tesouro que hai sempre auga fresca, sendo ísta unha imaxinación muito deles, que engaden que si ún atopa un tesouro no deserto, se non houbese auga que beber naquela comarca, que o tal morrería coa sede i o tesouro ficaría no seu escondite, i o que queren os tesouros é ser atopados e gastados. As covas nas que están os tesouros non foron feitas por eles. Fálase de algún tesouro que andivo medio mundo buscando unha comodidá, e de outros que se meteron en covas de serpes, tratando con ístas, que quedaron por gardadoras. As cobras durmen enroscadas no tesouro, e de fregarse con il rematan tendo a pel de ouro, como a cobra de Cuagh, que se puña nas penas do outeiro e cantaba, i os monos do país tomárona por unha infanta encantada, i a cobra matóu a moitos. Na Terrachá, en Amide, contan que había unha cobra que gardaba un tesouro de dúas arrobas de ouro, i a cova tiña unha saída ó río da Azúmara – que por alí vai canso entre abidueiras en precura do Miño farto –, e que a cobra matara a un mouro vello que era o garda do tesouro, i ela puxérase por ama. A cobra asubiaba, i entón a pedra que estaba diante da cova arredábase. Un de por alí adeprendéu o asubío da cobra, i un día en que ísta saíra a un viaxe, asubióu e franqueóuselle a entrada da cova e chegou deica onde estaba o tesouro, que era un caixón cheo de ouro. Unha voz coma un trono berróu:

– ¡Mirarás y no me tocarás!



O paisano tivo medo e fuxíu. A xente da súa aldea non lle creía que estivera onda o tesouro, pro il decía que o cheirasen e cheiraba a niño de cobra, e por muito que se lavaba non se lle iba o cheiro. Tiveron que darlle fretas con sal e con auga bieita.

En diversas historias fálase de que para chegar a onde está o tesouro que hai que baixar sete escadeiras mui esbaradizas, i algúns tesouros están detrás dunha porta que se abre con soio mandarillo, ou decindo unha palabriña do revés. Nalgunha parte lín que en Westfalia había un tesouro nun pazo soterrado, e que a cámara do tesouro tiña porta con fechadura, e pra abrila había que meter nista unha verba máxica, que tiña forma de chave. Nisto de darlle ás verbas forma de cousas, quenes máis trunfaron foron os magos xudeus, facedores de “golem”, i as bruxas de Irlanda, aínda que ístas o que millor sabían era facer con verbas os caldeiros en que despoixas fervían os caldos máxicos; coma, por exempro, a bruxa da historia de Taliesin.

Nas covas en que están metidos os tesouros non entra nunca a luz. Unha vez as chuvias levaron terra nun outeiro, e quedóu ó ár a cova en que xacía un tesouro, i o tesouro tivo vergonza de que o vísen –vergonza ou medo; non se sabe–, e pra taparse deixóuse medrar unha longa barba, na que se involucú. Conta ísto Mansikka. Por iso digo eu que os tesouros son xente viva. Outro tesouro pedíulle a ún que o tiña atopado, que nóno puxera nunca ó sol e que se deixara pólas noites alumar por il. O tesouro era unha vara de ouro, i o que se fixera dono dil saía póla noite escura con aquel raro compañeiro, i a vara alumaba i á súa luz víase todo o ouro que había pólo mundo, que é muito máis do que se pensa. Especialmente está nos altos e debaixo dos carballos mui vellos.

Eu teño pra min que os gardadores de tesouros –mouros, enanos, xigantes, fadas, cobras–, non son máis que gardadores e non son donos do tesouro, nin foron eles quenes o esconderon e inventaron o encanto, e desfeito íste i entregado ó tesouro, quedan probes e vagantes. Teodoro Storm conta dun enano que gardaba un tesouro nunhas penas a carón do mar, e tiña que darlle os sacos de ouro e pedras ricas a quen lle falase nunha lingua que il nunca tivera ouvido. Veu un probe que era tatexo e falóulle, i o enano créu que aquela torpeza era unha fala nova e deulle o tesouro. O enano quedóu sin emprego e collérono uns frades veciños por cazador de ratos no faiado do mosteiro, mester no que se daba muita maña. O enano sabía que había outros tesouros no país, pro non se lembraba ónde estaban soterrados nin de quén os gardaba. As máis das fadas están gardando os tesouros en figura de vella fea, os ollos pitañosos, sin dentes, coxas, vestindo roupa mendada e cocha, e dan o tesouro a quen lles dea un bico

na boca. Entón aparecen co seu natural fermosísimo, como se lle apareceu a Niall, o máis novo dos fillos de Eochaid, a vella da fonte. Ista historia coñecéuna Chaucer. A vella trocouse na máis fermosa doncela do mundo: dentes como pérolas, ollos grandes e rexios, a boca roxa coma o froito do freixo.

– ¿Quén eres?, preguntoulle il.

– O Poder Real son eu, dixo ela. Rei de Tara, eu son o poder real. Vai cos teus irmáns e leva contigo a auga. De oxe en adiante pra ti e prós teus fillos ha ser para sempre o reinado e a forza suprema. E así como primeiro me viches fea, brutal e cheirenta, i ó fiñal fermosa, así é o poder real porque sin batallas e sin terríbeles liortas non pode ganarse, pro despóis, aquel que é rei, non importa de qué, amósase sempre xentil e fermosa.

Pro aquí o tesouro era dunha calidade moral. Campbell no seu libro, *O héroe das mil caras*, adícalle un precioso capítulo.

Outras veces as fadas están en toda a súa fermosura gardando o tesouro, i en moitas ocasións o encanto pende en que o que chega a ónde está o tesouro ten que decir qué quere millor, si o casamento coa fada ou o tesouro, e se dí que o tesouro, a fada desaparece da súa vista i o avaricioso non atopa o tesouro por muito que o procure. Pro si prefire a fada i o seu amor a tódalas riquezas do mundo, entón faise co tesouro i algunhas veces tamén casa coa fada. Outras veces, como na saga de Nyaggur, a fada é a morte, i o mariñeiro feito rico co achádego do tesouro, morre na noite de bodas.

Na imaxinación dos gaélicos a fada non pode decir a ninguén o seu nome, porque entón perde tódolos seus poderes e virtudes, i envellece como compre ós anos que ten. As fadas non son inmortás, e Gwyddyan sabía onde estaban enterradas as fadas de noutrora e díxolle a Lah O’Nagha, quen camiñou perante sete anos deica chegar a aquel val sombrizo. Lah quería pedirlle á fada Moreah que lle dese o anelo de ouro que lle tiña prometido unha vez que se lle apareceu nun camiño, a víspera dunha batalla. Lah berróu póla fada i en anoitecendo ísta compareceu e doulle a Lah o anelo. Co anelo na man esquerda, Lah podía ollar todo o que pasaba en cen leguas á redonda. Quixo mirar a súa casa, e veuna arder coa súa muller drento. Quixo saber do seu fillo primoxénito, e tivo que ver como a súa nao se perdía nunha terríbel tempestade i o ledo campeón afogaba. Entón Lah, levantando a voz, queixóuse:

– ¡Ai, quén son eu!

O anelo falou entón e díxolle a Lah:

– ¡Olla pra tí mesmo!

Lah miróuse e veu que estaba morto. O anelo era unha peza preciada do tesouro dos vellos reises do país, que chegaran pólo mar. Lah ficou para sempre no val en que están enterradas as fadas.

Das fadas de que ouvín falar en Galicia, gardadoras de tesouros, sábese que as máis son fiadoras, e sempre están nas mañanciñas de cedo, que é cando millor se ven, co seu fuso i a súa roca na raiola pirmeira do sol, i adoitan cantar cantigas que ninguén, por moitas veces que as escoiten, pode aprender. Eu preguntéi a varios por qué non se poden aprender as cantigas das fadas, e nunca me souperon responder.

De fadas non se sabe moito. Nun libro de Mme. Verneuil dise que lle teñen medo a noite. Un pode ter no seu poder unha fada si consegue, por exemplo, quitarlle os zapatos, ou botar cinza derriba da súa sombra, que entón as fadas choran e piden perdón, e rescátanse con pedras preciosas dos tesouros que teñen nos seus pazos, especialmente esmeraldas. A esmeralda é a pedra das fadas. Prós exipcios era a pedra dos amantes; pedra da esperanza, tamén; pedra da primaveira, en que todo verdez. Dícese que está dotada dunha potencia maravilhosa, e que cura as doencias dos ollos e concede ós corazóns a paz i o amor. Nas léndas de Melusina cóntase que as fadas poden ter fillos, pro hai que arroubarllos tan axiña como nacen, porque pode darse o caso de que a fada os queira xantar. As fadas poden sere a un tempo terribes e beninas, e Campbell compara a Viviana coa Nai Cósmica – a Nai Cósmica de Dakshineswar, en cuio templo era sacerdote o grande místico hindú do século pasado Ramakrishna –. Forza cósmica, a totalidade do universo, a armonía de tódalas parexas de contrarios, “combinando maravillosamente o terror da destrución absoluta con unha seguridade impersonal, pro materna. Por outra parte era o río do tempo, a fluidez da vida, a deusa que crea, protexe e destruí. Seu nome é Kali a Negra, i o seu tido, A Barca Que Cruza O Mar Da Existencia”... Unha serán tranquiá, Ramakrishna veu como unha muller fermosa saía do Ganges e se dirixía ó campo en que il estaba meditando. A muller estaba pra parir un neno. Nun instante o neno nacéu i ela deulle de mamar con moito amor. Despois, nun pronto, trocándose nun ser horripilante, rompéu o neno en anacos e púxose a roer néles. Asi que xantou todo, volvéu ó Ganges, no que asolagou. Ista visión do místico non sorprendería ren a quen soubese as historias melusinas ou lése do mundo das fadas na xa citada saga de Nyaggur.


Do que eu sei das fadas galegas é que son seres dunha leda infantilidá, i os tesouros que gardan dános as máis das veces porque ben lles peta, a ún que non se sabe por qué lles caíu gracioso. A un pastorcete a fada de Rececende deulle os novelos de ouro que estaban no castro soio porque lle dixo que non vira outra señora coma ela. Outra fada pagaba con mazás de ouro as mazás que lle traguía un carboeiro. Fiñalmente, outra fada, na Terrachá, pedíulle a un mozo que estaba nun pasteiro coas vacas, que acudise e que se mirase no seu espello. O mozo miróuse i entón o espello da fada quedóuselle co alento, según me contaron. O mozo comezou a enfraquecer i a pouco morréu, pro denantes de finarse dixo que o mataba a fada, que a parte dil que ficara no espello deitábase coa belísima cada día. Un irmán do morto foi ó pasteiro e púxose a maldecir á fada, i entón ísta mandóulle unha presada de ouro, pra que calese. Ista é unha historia parecida á de Buldr, na que a fada colléu das augas do río a imaxe do fermoso rei e levóuna prá súa casa, onde casou con ela. Buldr adoecéu dun mal non sabido e morréu, e cando o foron a enterrar non atoparon o seu corpo na cama. Un can que tiña, pasaba os días ladrando diante dunha cova, i os irmáns de Buldr foron alí i entraron nas trevas, e no fondo, nunha cámara de ouro, estaba a fada con Buldr amante. A fada díxolles que si Buldr saía da cova que volvía a morrer, e que llo deixasen, que lles daría tódolos tesouros dos montes cuios nomes soupesen. Os irmáns de Buldr fixéronlle a íste sete preguntas, faláronlle de súa nai e do seu reino, dixeron os nomes dos seus cabalos e das súas espadas, e Buldr nin volvéu a cabeza. Como Buldr estaba noutro mundo, or irmáns dixeron que querían os tesouros, i a fada deullos. Os irmáns de Buldr taparon a entrada da cova con dúas grandes pedras, e mataron o can pra que non ladrese máis, que llo pedira a fada.

Tamén teño sabido que pode acontecer que unha fada entregue un tesouro a un home, e pasa tempo i un día calisquer o tesouro desaparece, por mui gardado que esteña, e quizaves seña a fada que volve por il, arrepentida de télo dado. Xente inqueda e ciúmosa, pouca fe se pode ter néla. No Viveiró, na Moureira, houbo unha fada i ás veces amosábase por entre unhas penas i a quen pasaba decíalle:

– ¡Cóntame unha mentira que che hei contar outra meirande!

E sempre ganaba a fada. Si perdese, tiña que marcharse do país e deixar abertas as portas da súa casa, que estaba chea de ouro.

Xente máis seria son os mouros que ficaron cos tesouros dos seus. Teño preguntado qué facían os mouros cando por ben ou por mal lles quitaban os



tesouros, e ninguén me soupo contestar. Os mouros son xeneralmente vespertinos e cando se lles ve é a hora de entre lusco e fusco, e sempre andan coa cabeza cuberta i as máis das veces cun bastón na man. Teñen barba e si quixeran berrar oíaselles a cinco leguas. Os tesouros dos mouros están en sacos, ben atados, i un home de Valcarría que atopou un tesouro dos mouros, perdéu cáseque un ano en desatar o saco, que a amarralla tiña máis de mil nós. Cando a houbo desatado apareceron os mouros, pro non lle fixeron nada, que lle pediron permiso pra contar o que había no saco. Contárono e fóronse. No saco había anelos, un peite de ouro, alfinetes de prata, colares i unha pedra moura. Non sei ónde, un home caíu nun furado no monte i atopouse no fondo dunha cova. Nunha pedra había sete cousas de ouro, que cabían todas na súa monteira. Cando estaba enchendo a monteira apareceu o mouro con toda a súa barba.

– ¿Queres quedarte no meu canto?, perguntóulle o mouro ó home.

– ¡Quero irme prá miña casa con iste tesouro!, dixo o home.

O mouro díxolle que estaba sin amo e si o quería levar consigo. O home dixo que non, que soio quería o tesouro, e botouse fora. I o mouro quedouse no seu sitio e non lle fixo nada. Pasados días, o home arrepentíuse do que fixera e levóulle ó mouro unha xerra de mel i uns zocos, que vira que o mouro estaba descalzo. O mouro agradecéulle o agasallo e díxolle ónde había outros tesouros. O home vendéu os tesouros en Lugo e fíxose mui rico.

Teño entendido que os mouros dan os máis dos tesouros que gardan a quenes seipan unhas certas verbas, ou a quenes saquen unha adiviñanza, i o que parez seguro é que si alguén atopa un tesouro que garda un mouro, que íste daio sin máis e non fai forza algunha por retélo. En Irlanda pasa o mesmo cos xigantes vellos, que aínda se aledan de que lles quiten os tesouros que gardan i axudan a quenes os atopan a levar o ouro, e logo si ún que atopou un tesouro gardado por un xigante regala a íste cunha das pezas dil, un peite ou un colar, o xigante dalle as gracias e vólvese contente prá súa morada. E decir, que namentras o xigante é gardador do tesouro, non pode tocar nada dil. Non sei si pasa o mesmo cos mouros.

Os enanos teñen que sere algo diferentes dos mouros, aínda que algún tesouro está gardado por enanos mouros. Os enanos parecen desconfiados e bulrentos, e cando falan con alguén queren que os aseñoreen, i eles póñense nun alto pra non parecer tan pequenos. Están sempre mui vestidos de colorado,


verde i amarelo, e na fala parece que estiveran cacarexando as galiñas. Algúns dos enanos son músicos, e saen entre as penas que hai onda súa cova tocando a viola, ou a corneta, ou o tambor. Nunca ouvín dun enano que toquese a gaita. Non é doado quitarlle un tesouro a un enano. Un home de Meira falou cun enano que estaba no outo de Vilares i o enano díxolle que alí había un tesouro, que sería pra quen contestase unhas perguntiñas. O meirés foi a Lugo a buscar un abogado pra que viñese con il a Vilares, i o abogado dixo que iba, coa condición de partir o tesouro en tres partes, unha pró home, outra pra il i outra pró código das ragalladas, no que tiña que estudar unha semán inteira. Pasada ísta foron a Vilares i apareceu o enano acolá enriba. O abogado díxolle que fixese as perguntiñas, pro o enano xa as tiña esquecido, que as perguntiñas eran en latín. O abogado díxolle que había que pagar os gastos do viaxe, i o enano, tras moitas voltas, entregou unha onza. Cáseque todos aqués con quen teño falado coidan que os enanos non son do país, e Rego de Bouzas díxome que había un libro no que se contaba que os enanos viñeran a Santiago i eran corenta e sete, i entón un bispo que había díxolles si querían quedarse en Galicia gardando os seus tesouros, i os enanos, que eran mui probes e traguían fame, responderon que sí. O bispo levounos un por un a ónde tiñan que montar garda, e deixoulles comida da millor, que nunca se lles acaba e sempre está quente. O bispo díxolles que había de volver un día a buscar os seus tesouros e que llos tiveran ben limpos.

–¿E de ónde viñan os enanos?, pergunteille a Rego.

–De lonxe, contestóu.

Co cal quedou todo acrarado.

Outros dín que os tesouros que gardan os enanos son o froito dun grande roubo que houbo en Roma. Eu lembréime, ó ouvir ísto, do que conta Graf no seu libro *Roma na memoria e na maxinación do Medievo*, daquil mago que chegou unha noite a Roma voando dende Aquisgrán, e decindo esconxuros e versos máxicos obrigou a tódalas riquezas escondidas nos cháns de Roma e no río Tiberino a amontoarse, i enchéu co elas oitenta pelexos de boi, i uns enanos que tiña por criados, e que viñeran fusquenllos pólos camiños á Cidade Eterna, leváronos ás costas ó país do mago. I entre as riquezas estaba o pé de ouro de Virxilio, o escano de prata de Augusto, i unha cabeza de muller, de ouro, que falaba, e que tamén era de Virxilio, na tradición medieval mago famoso. Eu penso que debe de haber unha lénda mui divulgada sober do roubo de Roma, porque en *The Kiltartan History Book*, de lady Gregory, en *The Legends of Jews*,



de Ginzberg, i en *Mitos e folklore de Irlanda*, de Jeremiah Curtin, entre outros, fálase de riquezas que teñen algúns e que veñen do grande roubo que houbo en Roma, sin que digan cándoo, nin quén arroubóu, e de outras que están escondidas, e son ouxetos máxicos, algúns virxilianos, e que somentes se poden conquistar quebrando diversos encantos, nos que o home pode perdéla vida. O do roubo de Roma, en Galicia, téñollo ouvido contar ó meu amigo o señor Cordal, i a il contárallo un crego que houbera en Romariz, un home mui lído que unha vez dera cun tesouro nas mámoas da Carregosa, pro como era ordeado de maiores non lle puidera tocar ó tesouro.


– ¿E por qué non buscóu unha persoa que fora a catálo?, preguntéi eu.

– Por que non atopóu en Romariz a naide de confianza.

Foi ísta a primeira i única noticia que tiven de que os cregos non poden tocar tesouros escondidos. O que fai supór que istes tesouros non son cristiáns, ou que hai néles pezas que proceden de cultos e deuses antergos, ou, quizaves, que son tesouros axuntados coas ofrendas que os antigos fixeron ás diviñidades pagáns. Cando San Brenoec fundóu en Bretaña de Francia, pedíu un arado co que abriría un suco arredor do que iba a ser a eirexa i o mosteiro, i un rico señor do país tróuxolle un arado de ouro que servira pra labrar a terra cando os antepasados prantaron as pedras do sol, en Guinöel. San Brenoec non quixo usar aquel arado e mandóu que lle botasen por enriba auga bieita e bautizóuno chamándolle Xan. O arado de ouro convertíuse en arado de ferro, San Breonec abriu o suco con il. Diterico de Berna iba faguer unha batalla cunha espada que non estaba bautizada e que lle deran os sacerdotes dun templo pagán, i o grande rei foi avisado do feito e chamou ó bispo, que fixo cristián a espada. “A espada ó principio non quería, pro despoixas de ouvir predicar ó bispo deixóuse homildosamente”. Tiña o puño de ouro e fora de Hércules. Volvendo ós enanos, teño ouvido dous relatos en que os pequenos gardadores piden á persoa con quen falan traxes novos e gorros. Nos gorros meten unha pedra, co cal segredo líbranse do raio, e nas mangas das chambras algúns poñen axóuxeres e campaiñas. Un enano díxolle a ún que estaba cavando na roza si o quería levar a un xastre, pro que non podía estar presente namentras o xastre lle tomaba as medidas, e que o xastre que quería era un que tiña tenda en Toledo. O cavador metéu ó enano nun saco, e cando foi a segar a Castela levóuno, e paróu en Toledo e percorróu ó xastre, e faguía douscentos anos que morrera. Entón o enano botouse a chorar i o galego deixóuno alí nun calexón e il volveuse prá súa terra, onde no lugar en que o enano se amosaba, sober dunhas penas mouras, atopóu

un tesouro que era unha coróa e dous borceguís de ouro. Un caseiro da familia dos Villamil díxolle a Villamil e Castro –contóuno o Burón, que traballou pra il–, que en Marzán, ó pé do castro, saía un enano faguendo señas i amolaba á xente que pasaba botándolle o sol na cara cunha fonte de ouro. Villamil e Castro foi a aquel lugar e cóntase no país que chegou a falar co enano e que íste deixóulle ver o tesouro que gardaba, i era un famoso tesouro, que se tiña no ár dentro dunha grande cámara soterrada. Non se sabe o que Villamil e Castro lle deu ó enano ou o que tratou con il, pro Villamil voltou daquel paseo “cun sombreiro de ouro, que agora está en Madrid, no Banco de España”. De Villamil e Castro tamén se conta que cando atopou o tesouro da Recadieira –dous torques, parece ser, e tamén unha xerra de ouro chea de moedas–, que xa sabía que o tesouro estaba alí porque o tiña lído “nun foro dos mouros”, i houbera naquel castro un gardador, pro que se fora da comarca cando comezaron a faguerse casas ó pé, e labraron na coróa. De Villamil e Castro hai moitas historias, e volvendo ó dos traxes, díse dil que tiña unha capa curta que cando a levaba posta vía o que estaba enterrado, i a capa fixérala un xastre de magos. Ó millor o xastre de Toledo que buscaba o enano de que faléi denantes. Isto de que os enanos se vistan do millor parez ser de moitos países, de Westfalia e Irlanda, e tamén dos eslavos, que crén que os enanos dos ríos andan con roupas bordadas e cando un rei fixo a primeira ponte que houbo en Kief, mandou botar ó río capas e bragas da millor lá e de liño manso, e zocos con cravos de prata, pra que os enanos non disturbaran os traballos. Os enanos, contentes, mandáronlle ó rei unha das súas fillas, que era unha moza mui fermosa e mui páleda e tiña o cabelo verde. Nun conto de Westfalia díse que os gnomos non querían saír das súas aldeas soterradas porque non tiñan roupa nova, e houbo que chamar xastres de tódalas partes do Imperio que pasaron un mes facéndolles capiñas redondas. Eu soupen tamén dun enano que non quería amosarse fora do seu tobo porque era o único da súa familia que non tiña as nádegas de ouro, senón de folla de lata, que se orinara co tempo i a humidade. Pro quitando istes devezos de roupa nova que os traen algo inquedos, os enanos son xente máis ben leda e faladora, anque eso sí, como dixen denantes, desconfiados e bulrentos. Eu houbera dado algo por ver saír ó enano da coróa do castro, en Riotorto –onde foi atopado un tesouro–; co seu corno berrador, á tardiña. É aquel un fermoso alto sober do val, que é unha leda arboreda. Anque non me dera ouro ningún: soio pólo gusto.

* * *



Non son os máis listos os que atopan tesouros, i algunhas veces son nenos, ou parvos, e tamén atopan tesouros os cegos. O que non se sabe é de mulleres que os teñan atopado, agás en Finlandia, a crér a Uno Harva, e aínda alí somentes os que están debaixo das augas.

O tesouro hai que querer atopalo e soñar perante muito tempo con il. Piocha, o feniano, o compañeiro de Fion e Ossian, pasóu dezaseis anos soñando cun tesouro que había debaixo dunha pedra cadrada, e coñecía unha por unha tódalas pezas do tesouro e cómo estaban postas nunha alacea pólo mago Mugha, que era o seu gardador, e cando soupo todo isto sin trabucarse, foi a ver a Mugha, que estaba xogando nun campo ó hockey, e díxolle cómo era o tesouro.

— ¡Entón é que o viches! ¡Entón o tesouro é teu!, dixo Mugha.

Pro Piocha non se puido levar aquel día o tesouro porque xa tiña xantado. Tivo que vir en aiunas e lavado con auga de fonte, e daquela puido carregar o seu cabalo co tesouro do vello Mugha.

É tanto máis doado atopar un tesouro canto máis se asomelle ó que ún soñóu, e cando o tesouro aparez o que o atopa cré que aínda está soñando. Por iso se teñen dado casos de atopar un tesouro e deixálo onde estaba, que se cría que o tesouro que aparecía diante dos ollos formaba parte dun soño, era ár e non ouro propio.

As vegadas o tesouro é mui grande ou pesa muito, i un home soio nóno pode sacar de onde está metido. Pro si lle dice a outro cómo é o tesouro e onde está, xa nóno atopa nunca máis, aínda que haxa deixado un fío dende onde xaz o tesouro a onde vai il, como lle pasóu a un de Cervantes que achóu unha cadeira de prata. A cadeira era mui grande, con alto respaldo, i estaba no fondo dunha cova que tiña setenta corredores i a entrada era pólo castelo de Balboa, que é unha terra moura i esfarelada nunha roqueira. Foi a buscar axuda e pra dar co sitio tiróu un fío deica á saída da torre, pro cando volvéu con dous veciños, estaba unha grande rata comendo no fío, e nunca máis, por moito que andivo os setenta corredores, volvéu a atopar a cadeira.

Tamén se dí que o que atopa un tesouro debe calálo e nóno deixar mirar de ninguén, nin da familia, e si pode ser debe leválo fora do país, como acontece, asegún Charles La Goffic, en Bretaña, onde os que atopan tesouros saen con ístes a faguer unha viaxe pólo mar e cando volven á terra, xa son donos verdadeiros do tesouro e poden amosálo e gastálo, decindo que é riqueza da illa de

tal, na que pasaron unha longa tempada. Anque a viaxe somentes durase un día. Le Goffic diz por boca dun tal Cericorieth que en tódolos países hai unha cantidade fixa de ouro, e si alguén chega e trae ouro de fora, que no país pérdese tanto ouro coma o que ven en demasía, e xa non se atopa deica non se vai o ouro forasteiro.

– ¿Quén rexe iso?, preguntou Le Goffic.

– Hai unha lei, dixo o Cericrieth, que era barbeiro.

Non sei si isa lei toca tamén a Galicia.

A terra que está derriba do tesouro, si iste está enterrado, é tan pesada coma o chumbo, e rómpense moitas palas e sachos, e isto é debido ó sudor do ouro. O que cava, ó que parez, non debe ser visto por ninguén, e ten que estar de costas ó sol e descalzo, asegún queren os arábigos, e cando amosa o tesouro hai que botarlle un pano de precio por derriba i agardar a que seña noite pra recollélo. Os tesouros, dicen aqueles, aman brilar á luz da lúa diante dos ollos frebentos do atopador... Os tesouros dos arábigos teñen máis pedras preciosas que ouro.

Son varias as historias nas que os homes atopan tesouros axudados por animais, especialmente por galos e ratos. O canto do galo, como é sabido, mata ó basilisco, que é un gardador de ouro, asegún se lé nas historias, e nas fábulas do Preste Xohán das Indias.

Un home léra no Ciprianillo que na súa aldea había un tesouro, pro por moito que o buscaba non daba nil. Foi á Cruña e falou cunha adiviña famosa, quen lle vendéu un galo roxo, decíndolle que fose con il ó monte e que o ceibase, e que o seguise a onde o galo fose. O home ceibóu o galo i andivo tras dil pólo monte. Chegaron a unha xesteira i o galo meteuse nela e púxose a escarabellar hastra que fixo un furadiño, i alí comía algo. O home foi a mirar i o galo estaba comendo pedriñas de ouro. Dera co tesouro. O home volvéu co galo prá casa e deixóuno na eira coas galiñas, namentras almorzaba e collía un sacho pra ir a cavar na xesteira. O galo comezou a cantar:

– ¡Comín ouro! ¡Comín ouro!

O home tivo que matálo galo, nóno ouvisen os veciños.

O buscador de tesouros ten que ser mui mirado en todo o que fai. A crér ós gaélicos o xaxún parez indispensable, e tamén ir lavado e limpo, como Piocha.

Hai que ser mui ben ensiñado e ter pacencia. Un home deu unha vez cun tesouro debaixo dun carballo mui vello, e medio tolo co achádego púxose a cavar, pro non daba cortadas nin apartadas as raíces, i entón blasfemou e comenzou a alcuñar ó carballo de ésto e máis de aquélo. Daquela o carballo tamén falou, e trouxo a desprecio toda a familia do atopador, decindo quenes foran seus bisabós, seus abós e seus páis, i un aforcado que houbera na familia, e mulleres de vida tola i un ladrón que era seu tío carnal. O atopador púxose roxo. O carballo dixo que podía marcharse, que nunca poría man no tesouro. Entón o home, doéndose, perguntoulle ó carballo que tiña contra il

– ¡Que non me deches os bós días!, dixo o carballo.

Hai nas historias aquel irmán pequeno de Deirdre a dos Dóres que saudaba a toda cousa do mundo, ás rás i ós salgueiros, ás portas das casas i ás avelaíñas, á noite i ó día, ás pontes i ós probes de pedir. Vai na delorida historia de Deirdre coma unha sorrisa galana. Un día saudou en verso á faia que estaba soia nun outeiro, e ísta díxolle que por sere tan xentil que lle daba o tesouro que estaba ós seus pés. O irmán pequeno de Deirdre arrincou coas dúas mans un terrón e debaixo estaba unha coraza de ouro que fora dun xigante, coa que o irmán de Deirdre se fixo un traxe todo de ouro.

Non sei ónde, un mouro que gardaba un tesouro díxolle a tres homes que lles daría todas aquelas riquezas, pro que tiñan que vir tódolos días onda il a preguntarlle si era a hora chegada de darllas. Pasou máis dun ano e dous dos homes cansáronse de ir tódolos días de Deus a preguntarlle ó mouro si xa era o tempo dito. Somentes ún seguía indo e leváballe ó mouro leite fresca. Un día o mouro díxolle:


– ¡Xa ven ahí o día!

O home, por consello do mouro, vestiu roupa nova, e tivo que esperar sete días con sete noites no castro a que o mouro rematase de contar o tesouro de antes de darllo. E non se cansou de esperar nin dixo nada contra a tardanza. O mouro deulle o tesouro, que eran sesenta moedas, e púxolle por condición que tiña que gastalas de dúas en dúas. O home dixo que non pensaba gastar ningunha, que as escondería. O mouro ríuse. Ben ó contrario dun enano sicilián que lín en Vergnolo, nas “Fiabbe”, e que lle quitou a un home un tesouro que lle dera porque íste enterrouno e seguía vivindo de probe, i entón deulle a un tolo, que o gastou nun ano facéndose pasar por príncipe romano. En Sicilia tamén hai moitos tesouros, pro a xente trae todo o trato de tesouros mui calado e non

falan deles senón por señas, pra confiar ós que os gardan e poder birlarllos, colléndoos descuidados, e cando se atopa un tesouro por algún, íste non dice nada a naide e vai a gastálo lonxe, ou fai un viaxe e volve decindo que se fixo rico. E todo por non alarmar ós gardadores. Quizaves o que contéi de Bretaña que dí Le Goffic, de saír ó mar co tesouro e volver decindo que é ouro da illa de tal, seña a mesma cousa.

Hai mouros que toman a homes por criados e ístes teñen que traballar pró mouro de por vida, cada sete días un, e fano coa angulermia de chegar a sere un día donos do tesouro. O mouro déixalles mirar parte do tesouro, pro os criados dos mouros non poden decir a ninguén que o son, e menos que naide ós cregos, asegún me dixo o señor Cordal. Non cheguéi a saber qué traballos fan prós mouros os seus criados, agás levarlles auga, coma nunha historia contada por lady Augusta Gregory, na que un home fíxose criado dun encanto que había nunhas penas, e tiña que levarlle cada día dous caldeiros de auga, que percisaba o encanto encher unha vacía de media legua de largo e dezaseis pés de ancho. O encanto pagáballe ó home tódolos días cunha moeda i o augador facíase rico. Pro un día o encanto –que era como unha grande voz, e tiña pelo e mans i ó andar faguía muito ruído–, díxolle ó home que lle traguía a auga que se lle acabara o tesouro e non lle non podía pagar. E díxollo chorando, e que aínda faltaba un ano de acarrexo de auga pra encher a vacía. O paisano, compasivo, seguíu traguéndolle a auga, aínda que non cobraba, e cando estivo chea a vacía, dito pólo encanto, íste soprólle ó seu servidor, en agradecemento, onde estaba a chave de Liumamore, que é unha chave de ferro que pesa dúas libras e coa que se pode abrir a porta grande de dita cidade, que ten as rúas estradas de ouro. O que non sabe ninguén é ónde está isa famosa cidade de Liumamore. A chave arroubáronlla os ingleses ó augador do tesouro, pro nin os ingleses poideron saber nunca ónde estaba a cidade de Liumamore.

O mesmo lle pasaba a un tal Marcos de Aldurfe, que teño ouvido contar que leu nun libro que había un tesouro nun lugar chamado Vila da Coba, i o tesouro estaba debaixo de tres penas igoales, mui erguidas i en fía, e tíñanse que tirar as tres a un tempo, i aparecería o tesouro nun mundo de tapa roxa, e pólo que decía o texto fixo a chave do baúl, que lle saíu mui ben, i era unha chave mui grande e de sete dentes. Pro morreuse Marcos sin dar con Vila da Coba, e gastóu toda a súa facenda en viaxes i hastra foi a Ourense i ás Asturias, e Vila da Coba non aparecéu. Contáronme que o xenro deulle a chave famosa a Pepe Benito, e íste, con ser quen era, tampouco deu con Vila da Coba, iso que escribíu cartas a tódolos segredarios de Galicia.



Outro de por alá –do Arcedianato de Miranda, en Mondoñedo, onde son mui dados a tesouros–, tamén sabía que había un tesouro en Ponte do Galo e sin decir nada a ninguén foise en procura daquel lugar, que é en terras galegas, e andivo nove anos fora da casa e non deu con Ponte do Galo, e xa volvía prá súa aldea cando atopóu un coxo no camiño. Falaron, i o mirandés, coa súa teima, perguntóu si había por alá Ponte do Galo.

– ¡Alí embaixo!, díxolle o coxo.

O mirandés baixóu deica o río e chegou onda a unha ponte mui vella, do tempo dos mouros, e buscóu unha pedra que tiña que haber cunhas señas, e nóna atopaba. Nisto chegou o coxo e díxolle que agora a aquela ponte xa non lle chamaban do Galo, sinón da Galiña. E como xa non era Ponte do Galo, o mirandés non puido dar co tesouro, por moito que cacheóu. Ista historia cóntana por alá pra bulrarse dos que buscan e soñan tesouros. Cando ma contaron eu retruquéi cunha inventada por min, na que un home que sabía que había un tesouro onde chamaban Penabranca e non atopando iste lugar, mercóu unha fanega de monte e na escritura púxolle Penabranca a aquela parcela, e pedíalle a todos que lle chamasen Penabranca ó sitio, e pasados algús anos, e cando o de Penabranca estaba en todos e ninguén lle chamaba de outra maneira, foi alá e cavóu i atopóu un tesouro. O tesouro de Penabranca que il sabía que había en Penabranca. Anos despóis contáronme a min mesmo a miña historia, e poñéndoa por exemplo da xente que ten sorte.

Volvendo ós criados dos mouros, e falando duns de perto de Meira, contáronme que o abó fora criado dun mouro que tiña un tesouro en Viladonga, e servíuno perante toda a súa vida, e levávalle de comer ó mouro e máis de beber, e dáballo as novidades do mundo, i o mouro estaba mui contente e tíñalle prometido parte do tesouro. O criado chegou a vello i adoecéu, e cando estaba pra morrer veu o mouro cun saqueto de onzas e pousóuno ó pé da cama. Entón o home díxolle ó mouro:

– ¡Si me trouxeras saúde!

E non fixo caso ningún das onzas. O mouro atristóuse un algo e volveuse pró seu escondite co saqueto. Morto o vello, os fillos foron a pedirlle cartos ó mouro, pro íste saíu todo alporizado e berróu que nónos coñecía. Despóis fixeron a carretera de Lugo mesmo por onde estaban as penas do mouro, que as voaron con dinamita. Non se atopóu nada, i estaban presentes varios veciños i

a Garda Civil. Saíu a noticia en *El Progreso*, de Lugo, co título: “No había tesoro en Viladonga”.

As moedas dos tesouros son de outros tempos e muitas veces non se coñecen os coroados que veñen en elas, aínda que os paisanos falan moito de onzas e meias onzas. Pode ser que os mouros, ou os enanos, ou quen seña, cambien as moedas dos tesouros i as poñan de curso legal –o que levaría a atopar tesouros de papel moeda, que é cousa que non imaxina ninguén que crea en tesouros, que consisten esencialmente en ouro. Perguntando eu a ún que sabía moito de tesouros, i hastra se decía que atopara ún, como sendo os tesouros do tempo dos mouros –ou como lle había dito Lence-Santar, do tempo dos celtas–, había neles onzas de Calros III, rañóu na cachola, e díxome que quizaves os que esconderon os tesouros faguían moeda falsa, pensando nos tempos que iban a vir. Ben, non podía chamárselle falsa porque estaba feita con ouro de lei, pro trincábana cos reises que faltaban por reinar...

– ¿El cómo sabían que viña Calros III e tiña aquela cara?, pergunteille.

– ¿E logo as profecías?, respondéume.

I eu tiven que calar.

Horst, na súa *Demonomaxia*, conta que o demo trae na bolsa moedas de tempos idos, que xa non corren no mundo, i as máis delas de Nerón, e falóuse tamén de que os Fúcar todo o que tiñan aforrado era en moeda anterga, e que cambeaban en Hespaña a que entón corría por aquelas vellas pezas. En Florencia de Italia un barqueiro amosóu a outros un tesouro que tiña aforrado, todo de moeda romá, e díxolles ós amigos que non mercara ningunha daquelas pezas, senón que eran do cambio que facía tódolos anos en certo lugar de Francia a uns señores que iban de paso. Serían demos. Tamén lín que os xudeus de Rusia e de Poloña, algús tratos que tiñan entre eles, faguíanos con moedas de noutrora, que somentes corrían en segredo nas xuderías. Hai no mundo muito máis diñeiro de outros séculos do que se cré, e grande parte dil virá dos tesouros que se atopan. Aínda que muitos tesouros non son de moedas, como se sabe, senón de pezas de ouro, xerras, cuncas, colares, coroas, peites, zocas...

A máis da roca e do fuso de ouro, as fadas teñen sempe un peite do mesmo, co que acostuman a peitearse, e tamén coma o peite das sireas do mar, ó pasar pólo cabelo fai música, i escóitase á mañanciña o doce son, un xílgaro trinador. Tamén se fala muito de espellos de ouro, e iso en todas partes. En Irlanda os xigantes tiñan todos un espello de ouro, e tamén as fadas i as “sighe”, as bruxas.

En Bretaña, San Kroac arroubóulle a un espírito malino un espello de ouro que tiña, co que encantaba ás mulleres, i enterróuno. Pro pólas noites a terra que estaba derriba do espello brilaba e botaba chamuscas, i entón foi San Kroac e púxose a cavar e cavóu perante cen días, deica chegou á porta de Yanac, o demo verde. Yanac tiña o lume aceso e San Kroac botóu o espello no lume, i aquela peza máxica derretíuse. Pro morto San Kroac, moitos en Bretaña fixeron espellos de ouro pra namorar mulleres, i algúns atoparon espellos enterrados, dos antigos encantadores. Cando se atopóu o tesouro de Ribadeo, dícese que somentes se soupo de algunhas pezas, que os banqueiros que chamaban os de Casas, que se quedaron cun espello de ouro que o levaron a París e con outras cousas. Os de Casas aparecen vencellados coa búsqueda do tesouro de Ibáñez o de Sargadelos, cuia casa mercaron en Ribadeo, i hai quén dí que o atoparon e quén sostén que non.

Un espello de ouro concede beleza a quen se mira nil. Hai un conto eslavo no que un pai que ten sete fillas mui feas lle pide a unha fada do bosque que lle empreste o seu espello de ouro pra que se miren nil; a fada empréstallo, as fillas míranse e vólvense fermosas e cásanse con ricos señores. Pro o pai non lle quere devolver á fada o espello, e méteo no palleiro. A fada chora, que si non se mira tódolos días no espello enrúgase i envellece. O home devólvelle o espello á fada, a cambio dun tesouro que hai debaixo dun río. A fada, vingativa, fará que o home morra afogado cando xa dera co tesouro.


Coido que en Galicia non se atopóu ningún espello de ouro, pesia ó que se fala diles, salvo que seña verdá o espello de Ribadeo.

No Valedouro, un mouro que gardaba un tesouro, saía a beber auga dunha fonte que había alí a carón, e levaba sempre consigo un vaso de ouro. A fonte secara faguía moitos anos, pro cando o mouro viña co seu vaso de ouro, botaba auga. Un home de por alí foi ó monte e quixo beber auga de aquela fonte. O mouro estaba derriba dun penedo, co vaso na man. O home pedíulle si lle deixaba beber pólo seu vaso i o mouro díxolle que sí e que non tivese medo, víse o que víse. O home foi co vaso á fonte e cando o puxo debaixo do cano, íste convertíuse nunha cobra que verquéu auga póla boca hastra encher o vaso. O home non tivo medo e bebéu, e cando foi a devolverlle o vaso ó mouro, íste agasallóuno cunha cadea de ouro... Nalgún lugar de Lugo, drento das murallas, hai un tesouro composto por doce vasos, i en Belaride hai outro, que o víu un crego apelidado Chao, que era mui buscado para esconxuros i exorcismos, i afastaba os nubeiros. Os vasos do tesouro de Belaride saían póla noite ó ár e xiraban arredor da pena que hai no meio da lagoa ou pousaban nas abidueiras,

pro cando alguén se achegaba á lama –que é coma un ollo verde que se abre antre aquelas uceiras–, os vasos escondíanse. Pólas noites os vasos estaban cheos de luz, e víanse dende lonxe, como si foran candeas acesas. P. W. Joyce conta tamén de doce vasos que se vían en Gales, nun alto apenedado, e tiñase por seguro que eran aqués en que tiñan bebido os doce apóstoles na Derradeira Cea, i os que estaban en pecado mortal non podían vélos. Cando a Protesta de Inglaterra, un monxe mui vello dixo unha misa a escondidas nunha cabana do monte i os que estaban presentes viron entrar póla porta ós doce vasos, que se puxeron ó pé do altar, e cando o monxe dixo “Ite, missa est”, os vasos fóronse... Quizaves os vasos de Gales, os de Lugo i os de Belaride señan os mesmos, e quén sabe ónde estarán agora, si cadra agardando unha demanda de limpos paladís pra sere descubertos, á volta de Sir Percival: unha “quête” como a do Santo Grial no tempo da Tabla Redonda, que foi o abril do mundo.

Un tal Moles de Melle, cavando unha roza, atopóu un torques de ouro, que llo vendéu a un Pardo - Montenegro de Balmonte, e cóntase que nóno podía arrincar da terra, e cubréuno un pouco e foi buscar unha parexa de bois, i atóu a punta do torques cunha corda i afalóu os bois, e tivo que aguillálos i ouseálos, i os bois turrando todo o que podían, sacárono. E cando saíu o torques abríuse a terra nove coartas i alguén berróu aló embaixo. Pro Moles non fixo caso do berro. Tamén contan do que atopóu o torques de Burela que tivo que estar cavando dous días arredor, deica o torques ficóu no ár, i entón puido collélo. O que atopóu o torques de Burela é albino, i é sabido que os albinos ven o ouro na noite, ou anque esteña tapado cun pano. Ise mesmo de Burela atopóu os anacos dunha xarra de ouro, e conta a quen llo quer ouvir –aínda vive–, que tiña os anacos nun queixón da mesa, no comedor, e de noite remexíanse e chocaban uns contra outros. Tivo que poñerlos afastados, cada anaco metido nun calce-tín de lá, e cando lle foi a vender o tesouro a un anticuario de Oviedo, atopouse con que lle faltaba o cú da xarra. Dous anos despóis volvéu por Burela o anticuario e díxolle ó albino que cando desfixo o paquete en Oviedo que lle faltaba outro anaco, e que por muito que miróu que non deu con il, e que naquela xarra que había algún misterio. O millor era unha xarra da familia daquela copa de que conta Rozeim que era de ouro e pedras preciosas i aparecéu nunha areeira a carón do Reno, quebrada en sete anacos, i o que fixo o achádego levóuna prá súa casa e tomóuse o traballo de axuntar as partes, e cando a tivo de novas montada i apegada con cera virxen, a copa falóu:

–¡Teño sede!, dixo.



I entón o home, que era un barqueiro, enchéuna de viño, e nóna daba chea. A copa emborrachouse e beilaba derriba da mesa e botaba grandes risadas. Nun dos brincos que deu saltóu póla fiestra fora, e caíu no río. O barqueiro corréu a ver si a collía e soio chegou a tempo de véla ir Reno abaixo. Era a hora de entre lusco e fusco i a copa brilaba, co ouro i as pedras preciosas. Si o albino de Burela houbera recomposto a súa xarra, quizaves ísta lle pedira de beber.

Non sei porque Rozeim dice que a copa do Reno era “unha das copas en que acostumaba a beber Carlomagno”.

Sábese que hai tesouros que están compostos de mesas, sillas, camas i armarios de ouro, pro dístes non se sabe que fose atopado ningún. Da cidade de Valverde, que está asolagada na lagoa de Cospeito, dícese que a casa do rei ten o tellado de ouro, e que a riqueza dos Verdes, que son os señores do pazo de Sistallo, ven toda de ter tirado do fondo da lagoa unhas cantas tellas. Tamén hai unha cova no Incio que ten as escadeiras de ouro pra baixar ó fondo, i o que atope a cova e saque as escadeiras, ten que pór outras de pedra no seu canto. A cova é mui grande e ten unha saída ós baños de Lugo.

Fiñalmente, un que se chama Granda, de Rececende, en Riotorto, indo a unha feira á Pontenova, veu un home de bigote que levaba un paraugas. Comezou a chover i o bigotudo díxolle que se podía acaroar a il e meterse debaixo do paraugas, que era mui grande. O abrir o paraugas, Granda veu que por dentro era todo de ouro, a cana e máilo varilaxe. Perguntado o de bigotes por tanta riqueza, dixo que aquel paraugas era parte dun tesouro que había en Meira e que fora dos monxes, e que había alí máis de vinte paraugas semellantes. É a única noticia que eu teño de que haxa paraugas de ouro. Granda levaba conta dos tesouros que hai, e somentes en Bretoña sabía de dezanove, e díxome unha vez mui serio que si non se acode a tempo, que non se poderán atopar nunca, porque cada ano sométense na terra unha carta.

No meu país crén que si nalgunha casa hai gardada unha peza dun tesouro, que nunca caerá néla unha chispa, aínda que os tesouros, cando están enterrados, atrán o raio.

* * *

Aquí van diversas imaxinacións sober tesouros, nas que axuntéi noticias de moitas partes. Quizaves con elas se poidera faguer un estudo ben máis profundo, e quedame, sober todo, o remorso de non ter engadido algunhas historias tiradas do meu maxín, na que a xente de nós andivera á procura de tesouros i os atopara. Galicia é país de tesouros, i a xente, nas longas noites de inverno, a carón do lume, conta diles e dos encantos. Dí Burckhardt que o Al-Koran, prohibindo os xogos ós islámicos, tornóu a imaxinación dístes á fábula dos tesouros ocultos. Quizaves nós señamos un país sin xogos propios, i a necesidade de azar creóu entre nós a fantasía do ouro segredo.

Góstame imaxinar que nos outos castros hai aínda muito ouro escusado, e tellados de ouro nas cidades asolagadas, e tesouros que falan, e moreas de riqueza gardadas por fadas, mouros, enanos... Cada ano algo de ouro vello aparece na tona da terra, i entón naquela aldea acéndese a imaxinación das xentes e saen a relucir raras e prodixiosas historias, que en conxunto fan un tratado composito do trato respetoso que o home debe de ter con ise gran misterio que é o ouro, e revelan a capacidade fantástica da xente galega, que é moita. Eu participo dise asombro, e quero crér en todo o que se cré e non se ve. Xa dixeran denantes o que me gustaría ver na coroa do castro de Riotorto saír ó enano coa súa pucha colorada a tocar, vespertino, o sonoro corno. Si non houbera saído algunha vez verdadeiramente, non se sabería que o había alí, gardador de brillante ouro. Namentras a xente nosa fala do ouro escondido, é que estará viva en nós ledicia imaxinativa, e seremos aínda máis ricos por soñar con tesouros que tendo tódolos tesouros do mundo nunha arca gardada. Valen máis escondidos. Vai ún por un camiño, nos doces mediodías de outono, e choviña e parez que naquela miranda veciña brila algo entre a herba, i ún párase e soña cunha fada que ten na súa man un peite de ouro. Isto non fai dano a ninguén. Na aspereza da vida cotián, soñar é necesario, e perder o tesouro dos ensoños é perder o meirande dos tesouros do mundo. Cando eu escoito nalgunha aldea nosa falar de tesouros, coido que na nosa pobreza aínda somos ricos.

Resposta do excelentísimo señor don
Francisco Fernández del Riego



Señores académicos:

Constitúe pra min motivo de particular contento, recibir no nome dista ilustre Corporación, ó novo numerario que hoxe se incorpora ó seu seo. E xa que non outros merecementos, xustifican a miña intervención neste aito, os vencellos dunha amizade, vella e longa, que me unen co compañeiro que dende agora vai compartillar as tarefas académicas.

Álvaro Cunqueiro Mora chega á Academia por dereito de seu, cunha sona de escritor consagrado. Poucos coma il teñen trasposto istas portas, nunha plenitude tan chamativa da súa persoalidade. A vida literaria, coruscante e inzada do novo académico, tenlle servido pra prestixiar as letras galegas dentro e fora do noso país.

Eu sei ben que o amor a Galicia de Álvaro Cunqueiro ven de moi lonxe. Poidera lembrar moitos feitos que o acretan. Pero abonda a evocación –por expresiva– de aquel que il mesmo ten contado, co que se puxo ó descuberto a concencia do seu encontro coa terra natal: Era moi rapaz aínda cando se topóu, de sutaque, nos andaimos do Instituto lugués, co Mapa de Galicia de Domingo Fontán. Foi íste o seu grande alcontro co país galego. Alí estaba a súa terra, a terra da súa vocación e dos seus días, a terra temporal i eterna; a terra que a nosa lingua, a fala do seu acento labrego, necesitaba pra existir. No Mapa de Fontán gostaba de enxergar Cunqueiro as bisbarras que lle eran tan familiares: O camiño de Mondoñedo a Riotorto, o de Mondoñedo a Foz, o de Riotorto a Baltar e Meira; o curso do Masma e o do alto Miño; o ríspido Xistral, de esquisto e soedade, e o Cadramón, o máis outo monte da serra.

Foi por entón cando eu entréi no coñecemento e na amizade de Álvaro Cunqueiro. Ise primeiro coñecemento xa non é máis que unha nota esvaída, neboenta, vagorosa, no horizonte dos anos. Cunqueiro fixera unha paseata a Vilanova de Lourenzá, o meu pobo natal, situado a pouco máis dunha legua da súa cidade mindoniéns, que o escritor evocóu en fermosa prosa. Aquel día non

sei si foi cando conocín a Cunqueiro, pro puido ter sido. Era un mozo tamaño i enxel, coma un bimio, inda que un algo escanaveirado, e case da miña mesma idade. Dil escoiteí as primeiras palabras vivas que fixeron conscente o meu instintivo sentimento de galeguidade.

Tempos despóis, convivimos horas inesquecibles de vida universitaria en Compostela. Nos seus viaxes a ista cidade, frecuentábase a tertulia do Café Español. Compoñíaa un fato de mozos inquedos. Alí falábase e discutíase de todo, en babélica mistura. Daquel lugar malográronse –por desvarío ou por atrofia– algunhas vocacións literarias. Pero ficou o seu xesto –de risco e aventura auténticamente xuvenil. O decir, poético e graciosamente orixinal de Cunqueiro, presidíu moitas veces as discusións.

Entón era xa –dentro da súa órbita galeguísima–, vida literaria, literatura vivida, vida pra trescentas ou tres milleiros de páxinas, tinta nas veas, e agónico sangue no tinteiro. E dende aquela, percorréi decote a súa conversa engaioladora, tan ateigada de imaxinacións e de pantasías.

Cunqueiro nacéu en Mondoñedo, a carón da Fonte Vella, no ano 1911. Oultivo o título de bachiler no Instituto de Lugo. Fixo estudos da carreira de Letras na Universidade de Santiago. Cultivou o xornalismo en Vigo, en San Sebastián i en Madrid. Pero todo o seu labor literario xurdíu e medróu durante as súas longas estadas na vila natal. Nela, moi novo aínda, fundou a Editorial UN, dende a que remesaba ás tertulias literarias das cidades galegas, os números do seu *Papel de Color*, ou os da revista *Galiza* que compoñía coa axuda dun pequeno fato de amigos. Nela escribiu os libros de poemas, de narrativa e de teatro que consagraron o seu nome no mundo das nosas letras.

Velahí por qué sempre trascende do espírito do novo compañeiro de tarefas académicas, un significado identificante coa cidade do seu nacemento. Unha cidade que, cando se atopaba lonxe, semelláballe algo inasequível e pentasmal, mais que unha rafega de ar podía arremuíñar e aventar nun santiamén.

Emporiso, coido comenente situar ó escritor no esceario mindoniés, pra millor chegar ó bó entendemento da súa personalidade. Abóndame con repasar algú dos infindos artigos de xornal ou de revista saídos da súa pluma, pra recompoñer ise esceario, a xeografía da bisbarra, o escorrer dos días e das estacións a traveso da visión e do sentimento de Cunqueiro.

Veño dende Villalba na súa compañía. Pasados Goiriz, Castromaior, Candia, Abadín..., remátase a Terracha. Aló quedan os seus horizontes azús, as súas lamas de auga queda e plumbiza, a visión da Corda escura. Axina o alto da

Xesta e o perfil da Pena da Roca, a ermida de San Cosme do Monte entre xesteiras. E xa as montañas mindonienses, verdes, grisallas, coroadas polas néboas. Por quenlles antigos i espidos, baixo canda il ó val, que ten a medida do ollo humán. Mondoñedo abálase á súa entrada, coa cintura apremida, como si tiuese muradela que lle puñese testeiras. Eiquí pódese ún quedar a ver medrar o silencio: literalmente, a ver medrar a herba. I é así que Cunqueiro avalia a Mondoñedo como unha escola de silencio e sosego, tan ilustre como a Verona do “veronal”, e considera que os silencios de Mondoñedo son a súa festa perpetua.

As horas e os meses teñen pra o poeta, eiquí, singular engado. Vexamos algús momentos, fuxidíos, antre os que forman o entramado do seu vivir mindoniéns. Pola primavera gusta de mirar frolecer os lousados da cidade. Dende a súa fiestra enxerga, na mañán, tellados case añil, tellados grisallos frolecidos de piripol que o ár abanea. De sutaque, emprincipia a chover, e as pingas, xa fiños, esbaran polas lousas escuras e as lousas grises. Daquela, ó poeta, parécenlle de aceiro e prata os tellados, e que a cór do piripol e da linaria se fai máis fino, máis avivecido, e que cada tellado é un xardín.

Agora é vran. Na dourada tardiña, élle grato ouvir tocar a vísperas ás campás da catedral, ás da Concepción e ás dos Picos. Cando sona a Paula, sinte como si unha voz fonda e ríspida enchese, deica os beiriles, a cunca do val, facéndoa escoar nun eco antigo e materno. E cando a Rudesinda, o espranzador sino que toca a ialba, brinca por derriba da voz da Paula nos repiniques, seméllalle tal si xurdise unha doce e leda danza. Fólgame, asimade, albiscando como o sol se vai tras dos montes de Estelo; como do val rube ós máis outos cumes, unha brillante, morna, recendente noite, e como sobor do antergo e amado Padornelo, acende os seus candieiros o luceiro do serán.

Cando chega o outono, o seu gozo cífrase en axexar como, día a día, se vai espallando a fonda e dourada mancha, orgaizándose en longas tralliñas abermelladas, en pesados sienas. Ocurréselle que o veciño bosque de Silva se torna máis nervoso, e, nembargante, que ten perdido vivacidade. Aínda as tribús fluviás –ameneiros, bidos, salgueiros– resístense ó acariño outonizo, pero xa as pavías, o carballo e o bidueiro ven dourarse a nobre testa cun seréo e siñificativo madurecer.

¿E cándo ven o inverno? Eis un enxergar entre tantos: Cunqueiro mira como no tellado da solaina, baixo da súa fiestra, ten quedado unha breve fita de pizarra que non cobríu a neve: Unhas migallas de pan, un graus de millo e arroz trougueron a ela a tódalas tribus da paxareiría: gorriós, paporroibos, xílgaros,

verderoles, e a grave familia dos melros. O poeta míraos barullar desacordes, e voar, no ventesío, contra dos vidros, cegos antre as vagorosas folerpas.

Pero os sentires mindonienses de Cunqueiro, o seu dexergar nos motivos da cidade, escorren por moitedume de carreiros. Véxoo pararse a matinar encol da chuvía –atal si sempre estivera a chover dende a fundaxe da vila– e mirando pasar a grea de nubes preñadas de auga, como si alguén as apastase riba dos cumes. Véxoo escoitando, pola mañanciña, o canto do cuco no bosque de Silva; ou, ás veces, ouvíndoo cando o esquilón remata de tanguer chamando a cónegos e racioneiros a coro, como si tamén o cuco tivera horas canónicas. E véxoo, sobre todo, disfrutando dun dos seus meirandes gozos: O que lle producen as Feiras das San Lucas, que son pra il un témero anaco da vida antiga do arcaico réxime. Daquela, dáse a vagamundear polas estreitas rúas, sin ouxeto, mais atente a todo; e vai mirar o barro dos oleiros fronte ó Seminario, e os ferros de Batitales, e a talabartería no Cristo ou nos Remedios, e a froita na praza, e os moletes de pan nos soportás de Don Domingo...

A súa ollada, curiosa e chea de amor pola bisbarra natal, alóngase polos camiños que parten e chegan á vella vila. Porque dí decote que o camiño ten sido feito pra o home. Si dende a leda e fresca pousada da fonte e a sombra, na que un día sealcontra, recita os nomes dos lugares, as aldeas, os montes, as valliñas e as rilleiras, parécelle que anda a camiñar co solitario corazón a traveso dun caamaño e maravilloso poema construído con luz e cór. E aínda está a súa devoción polos nosos topónimos, que dí ter adeprendido do gaiteiro Ramón de Crecente; por isa misteriosa toponimia do país, chea de sombras e beleza. Ou, mesmo, pola nomenclatura vexetal da campía, que evoca unha vez e outra. Tal aquela que describe após de manxar o requexón de Romariz: Os altos, secos, pasteiros recendían, herba por herba, nil; vizán, treboíña, camposa, arnaceda. Poderíase –dí– herborizar na grave, mesta, case dourada crema.

Os vieiros que Cunqueiro percorre –na realidade ou na pantasía– a traveso das bisbarras veciñas da cidade, cobran singular engado. Imaxina viaxes polo Masma, dende Masma mesmo, hasta o longo esteiro da Espiñeira, polo que o río, vagoroso e verde, se achega á mar. Remonta o Padornelo, por Lindín, e albisca aló embaixo, a Mondoñedo, no beiril da cunca do val. O espandido horizonte de montanas ábreselle dediante dos ollos: Xistral, dourado, Cadramón lonxano, a serra da miña natal Lourenzá deitada no chan, a Cadeira escura e avesía, as mouras costas do Arneiro, a Toxiza, Tronceda, o bicudo perfil da Pena da Roca. E logo, cruza a vella terra de Miranda, e a larga e senlleira Pastoriza. Deixa a man dereita a sede misteriosa de Santa María de Bretoña, e por Bián e

Reigosa –uces, lagoas, silencio– entra nas terras abadengas de Meira. Distas viaxatas, e de moitas outras máis, ten contado Cunqueiro belidas cousas, con insólita calidade poética de suxerencia.

Noutras ocasións, a andadura é levián, sin pasar dos arredores do val. Un día, por exemplo, vai de cazata cuns amigos. Pero mentras ístes batican a valgada, il séntase a lér nunha fonte que chaman do Couso, que xurde moi viva e fervedreira nun cunco de area, a carón duns penedos que terman dun castiñeiro de ampla copa. E cando desaparta os ollos do libro, dáse a matinar en qué o castiñeiro é o albre do país. Pra o pensar así, ten moitas e diversas razóns; razóns que vai decindo, ó pé dil, na fonda sombra, namentras enxerga os rexos mastros e as velas da verde e fecunda copa.

Seméllame que era axeitado falar de todo o dito, pra poder situar a Álvaro Cunqueiro no ambiente e no esceario, nos que foron manando as obras e os días da súa carreira literaria. Obras e días coas que tecéu un vizoso mundo de creación, que vai dende a Poesía ó artigo periodístico, pasando pola Narrativa e polo Teatro.

Si nos puñeramos a definir a persoalidade cunqueirá, teríamos que arrincar do feito de que é, fundamentalmente, unha persoalidade poética. O espírito do escritor é un espírito máis ben vagamundo e dado ó espaxamento. Como poeta refuga as formas, inda as máis nobres, e sacrificaríaaas todas por un grao de xebra de vida e de liberdade.

Os seus libros primeiros foron libros de poesía. Con *Mar ao norde* e *Poemas de sí e non*, avincállase ós movementos de vangarda, vixentes na súa mocidade. Despois escribe *Cantiga nova que se chama Riveira*, coa que incorpora xeitos e gracia novos á liña clásica dos nosos Cancioeiros medievás. E, por cabo, tira do prelo *Dona do corpo delgado*, que é, deica agora, o derradeiro volume en verso que ten saído da súa pluma.

Pra Cunqueiro, a poesía está nas palabras, como están as imaxes nos espellos; tamén é a poesía, pra il, unha veracidade sentimental que se satisfáil con palabras, como a serpe que se deixa enfeitizar pola fruta. Eis coma il mesmo o espresa: “Eu teño a alguén a carón de min, que de súpeto se pon a escoitar. Eu, daquela, emprincipio a coller palabras, eiquí e acolá, e sempre quedo pasmado de que dunha a outra poda tender un fío que, tenso e pulsado con temerosa man, sone como unha corda de viola no silandeiro salón dun pazo deserto”.

Sobre da obra narrativa do escritor non podería engadir xa nada ó que se ten dito polos críticos e pola xente da rúa. A consagración do seu éxito é o que

o trague eiquí. Fora dos volumes en castelán, son catro os que leva editado na nosa fala. O primeiro, *Merlín e familia*, outivo un trunfo resonante. Foi un libro esceicionalmente benfadado, pero merecente do seu adaxe. Nele dou vida, fermosa vida, a unha chea de xentes e fábulas, collidas dos lonxanos países imaxinados, da fascinadora invención, e tróuxoas ó pazo do vello Mago, na terra mirandesa. En *As Crónicas de Sochantre*, narra, no estilo tan de seu, as aventuras dun fato viaxeiro de aparecidos, que vai percorrendo –na compañía do temeroso e asombrado Sochantre de Pontivy– os quentes camiños bretós. Na *Escola de Menciñeiros*, puxo un mangado de historias dos curandeiros do noso país; unhas esceas que son esceas reás da vida cotián, adobadas cun punto de pantástica fabulación. Están ditas con arte espontánea e gracia única, e moi ben encaixadas no diario vivir das aldeas galegas. Por cabo, en *Si o vello Sinbad volvese ás illas...* cobra releve orixinalísimo o antigo mito oriental. O vello piloto de barba branca e turbante de dril, protagoniza novos sucesos mariñeiros, cheos de fascinadora poesía, axudado por Abdalá o Cego –seu vixía e dedo pulgar–, e máis por Sari, o seu criado das mareas.

O engado do mito tamén se fai presente na peza teatral que, co título de *Don Hamlet, príncipe de Dinamarca*, incorporou á letra impresa e ó esceario. O dista peza é un Hamlet pre-shahesperiano, case medieval, que aparez redivivo na cidade e no castelo de Elsinor, envolvementos nunha sombra inverniza. Pero é, asimade, un Hamlet moi galego e moi dos nosos días, inda que non só dos nosos días.

Lendo a xa abondosa produción de Cunqueiro, decátase ún ben de que o escritor conoce, vive e goza coma poucos iste mundo noso, e sabe dos que viven nil. Pero ademáis diste mundo de tellas embaixo, que describe con tanto celme, Cunqueiro dexerga outro mundo de siñificaciós e de aglaios, de realidás ultrafísicas e de pantasma. Porque o novo académico e meu vello amigo, é un mitógrafo esceicional. Cría mitos a conta dos persoaxes que andan polas literaturas, ou de outros imaxinados por il.

Doutra banda, os escritos cunqueirás están ateigados de fogaxe lírica e de gracia. E atales coalidás amosan unha aliciante singularidade no tempo que vivimos. Porque a verdade é que do mundo vai desaparecendo o sal. Os nemiogos da intelixencia ñoraban que ó restar eficacia ó inxenio, o plato cotián histórico ía trocando xebre por pólvora, pimenta por areíña, todos os seus condimentos vivos por elementos de entrevamento e de morte. A témera invasión de fosco dogmas, de angurias rexucitadas, de mitoloxías sin aglaio requentadas polo resentemento, foron afastando da terra o lecer. Pero un mundo sin ise

elemento avivecente, sin reaxivo espritoal, tiña que emprincipiar a sérmonos invividoiro. Porque o inxenio en danza tende a facer riseiro o paso do home sobre da terra, mentras que o historión social tenciona máis a dór da viaxe, ó lle suprimir todo arrempuxo cara vida máis outas.

Da literatura, como de tódalas artes, semella ter fuxido o inxenio. O vellísimo resentemento, ¿rematará coa ledicia humá? Pra o atallar, compre apoñer ó aballoado fato, homes e libros en cheo relouco espritoal, bulrós, fleisibres, agudos, capaces de ir vagarosamente desamoreando os sombrizos ciuosos, de voltar ó mundo o seu millor lévedo: a ledicia.

Na obra de Cunqueiro, o xogo ceibe do esprito atingue lizgaira espresión. O seu meirande feitizo atopámolo na mistura de elementos líricos i épicos, de ledas pantasías, de curiosas anéidotas, de imaxes en flama, de tracexos caricaturescos, de ondas cordiás. A imaxinación do poeta ergue engaioladores castelos riba do máis miudo alicerce.

Todo en Cunqueiro é unha imaxe –prodixiosamente inzada– de sí mesmo. Pero a variedade de espellos amósanos en cada libro perfís insospeitados dista fisonomía inesgotable. Dende Merlín a Sinbad e Ulises, a persoalidade do poeta ten percorrido a máis curiosa gama de espellos. Calisquera dos libros que todos tres protagonizan –o mesmo que os Menciñeiros e as Crónicas do Sochantre– compóñense dunha espléndida colección de insólitas imaxes, material poético ricaz posto ó servizo do relato; relatos todos cinco nos que as anéidotas manan, como vivaces i espontáneos abrollos do pintoresco trabamento dos hérois.

Ninguén coma il soupo, quizaves, cañar antre nós, a poesía da realidade imaxinativa. Así os seus libros son agrupamentos de pequenos mundos –galaxias poéticas–, onde a lente ben limpa de sombras do leitor emprincipia deseguida a ollar orbes mitografiados, en fervedoira e souril elaboración.

Coidan algúns que a narrativa debe ser un alongamento –idealizado– da nosa vida doméstica. Mais quen así pense non debe lér, dende logo, os libros de Cunqueiro. Iste escritor ten criado, en Galicia, un novo mundo estético, ou, cando menos, unha nova lente. Nos seus traballos literarios a pluma non tenciona cantar, nin pintar, nin cincelar. Sinxelamente –e prodixiosamente– escribir. Pescudador de intres poéticos desconocidos, precúraos en terreos ñorados, e ofrécenolos logo coas pinzas do seu inxenio inconfundible.

Iste é o retrato literario de Álvaro Cunqueiro, que teño deseñado seguramente sin arte, pero atente á semellanza, condición importante dos retratos. E agora debo engadir moi poucas palabras ás fermosas que o novo académico ten

adicado ós tesouros lexendarios do noso país. Porque é costume facelo nistas protocolarias respostas de receición.

O mito dos tesouros foi estudado en Galicia por moitos eruditos. Pero ate Vicente Risco se non tiña feito a pescuda metódica e científica que o tema requería. Risco aventura a hipótese de que naquel mito poderían se determinar dous estratos principás: Un, máis fondo, en vencello coas tradicións semellantes da antiguedade, e con probabres raigañas prehistóricas. Outro, moderno, constituído no seu cerne fundamental polas representacións máxicas sistematizadas pola cultura helenística, e que tanto se espaxaron por Europa, de xeito especial antre os séculos XV e XVII. As pegadas da literatura máxica son patentes na nosa tradición popular, inda naquiles puntos nos que semella afastárese do grimorio máis espallado en Galicia.

Mesmamente, iste senso máxico arraigañado na conciencia das xentes galegas, tiña que atrager i engaiolar ó espírito cunqueirán, tan dado ás pantasías e ás tradicións. E velahí isas imaxinacións sobre tesouros que rematamos de ouvir. Porque os encantos do país noso, tesouros escusados nos castros, mergullados nas lagoas, soterrados en diversa parte, gardados por mouros, enanos, xigantes, fadas ou cobras, constituíen de seu motivo dabondo pra espertar a fermosa invención en quen, coma Cunqueiro, se sinte capaz de ollar o aspecto poético das creencias populares.

Escoitamos así coma o novo compañeiro, fora de calisquera erudición, foi dándonos noticia do que saía do seu maxín, amecendo as novas galegas ás que tiña lido nos textos máis escusados. E informámonos de cómo os tesouros teñen vida igoal que as persoas, e de cómo están arredados antre sí por nove leguas e de cómo pra chegar a algú hai que descer sete escadeiras esbaradizas, e de cómo nas covas onde están metidos enxamáis entra a luz.

O certo é que a tradición popular galega preséntanos o sochán sementado de depósitos de ouro e de prata e de outras materias preciosas. As súas lén-das, que son creencias enteiramente vivas na nosa terra, aparecen case sempre misturadas coas que falan dos mouros encantados, e coas historias de donas i espíritos femeninos dos montes, das fontes e dos ríos.

Pero Cunqueiro engade ás resultas das pescudas científicas que sobre delas se levan feito, outra novedás. Da súa andadura polos libros máxicos, e das súas conversas coas xentes galegas, tiróu ises belidos relatos nos que foi refrexando a idea do tesouro, o retrato dos que o gardan, dos que atopan, e dos que, ó cabo, se fan con il. E vimos, de atal xeito, que as fadas do país son fiadeiras as máis

delas, que os enanos están decote moi vestidos de colorado, verde e marelo, e ó falar semella que estiveran cacarexando as galiñas, e que os tesouros dos mouros están en sacos ben atados.

Ben se bota de ver que istas imaxinacións de Cunqueiro están na mesma liña que todas as que leva tirado do seu maxín. ¡E qué feitizo hai nas historias que o escritor arrinca dun tan inspirado inxenio, mália que o terreo da pura invención seña arestora tan combatido! Porque parez como si se tivese decretado unha mobilización contra do libre reino das fadas. O bronco feito “real”, vestido cos avíos esternos da ciencia, asolaga xa calisquera agarimoso recanto onde o inxenio e a fantasía tencionan cohabitar. Tollido o fuxir diste mundo “histórico”, téñense aberto tódalas aulas onde se venden ises graves preparados que teiman relevar ó riseiro exército das musas. A xente semella non querer trocar de mundo, nin atura que lle veñan con contos. Pero por riba do asolagamento da literatura chamada social, sempre seguirán aboiando os xeitosos veleiros duns poucos escritores atidos á súa vida espritoal, ós valores independentes do seu arte, que siguen avantando sin que nada lles faga desvariar a súa roita.

O novo numerario é un distes poucos escritores. Eu dixen dil, en certa ocasión, que, no fondo, o seu arte imaxinativo é un arte sensual; que un sensual é Cunqueiro, baixo dos seus modales pulcros, baixo da súa aparencia anxélica. Denótao o corte da súa man, delátano os seus ollos parapetados tras das gafas. Un sensual tímido, si mo consinte, coma os semideuses que andaban polos bosques da Asia clásica. Un daqueles que reduciron o instinto a amor, a queixa a canción, e a paisaxe a terra.

Cecáis Cunqueiro carez de ollos adultos pra enxergar a vida. Dexérgaa ó seu xeito. E dexergándoa dista maneira, descobre siñificados e asociacións impensables; anacos do mundo de maxia no que viven, sin se decatar, os nenos. Cando se pon a contar a historia das campás, e das fontes, e do mar, e dos ventos, inventa novas provincias ilusorias nas que o esprito do lector se deleita. Pero sempre, ademáis, no seu norte, está un grande amor a Galicia e á fala natal.

A Academia Galega, celosa de canto seña honra ilustre da nosa língua, cumpre hoxe unha obriga ó recibir a Álvaro Cunqueiro Mora, e ó celebrar o seu belo discurso, que dá vixencia e actualidade a unha das máis ricaces vetas da nosa tradición popular.

Dixen.

Índice

DISCURSO DO ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON ÁLVARO CUNQUEIRO MORA	7
RESPOSTA DO EXCELENTÍSIMO SEÑOR DON FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO	33

Real Academia Galega

Rúa Tabernas, 11

15001 A Coruña

Tlf. 981 207 308

Fax 981 216 467

secretaria@academia.gal

www.academia.gal



REAL ACADEMIA GALEGA

